

Memorial dos gastos do Corpus de Ribadavia, 1748.
(Arquivo Histórico Provincial de Ourense)

CLAUDIO GONZÁLEZ PÉREZ

Naceu en Cenlle (Ourense).

Secretario da xunta Rectora do
Museo do Pobo Galego, e da sección
de Etnografía e Folklore do Instituto
«P. Sarmiento» de Estudos Galegos;
membro da ponencia de Antro-
poloxía do Consello da Cultura
Galega, etc. Autor de numerosas

publicacións, entre as que destacan: *O refraneiro do mar* (Pontevedra, 1988); *A festa dos Maios en Galicia* (Pontevedra, 1989); *A festa dos Maios* (Vigo, 1989); *Aproximación etnográfica á cultura material da montaña lucense: Notas históricas e situación presente* (Lugo, 1991); *As festas cíclicas do ano* (Noia, 1992); *A coca e o mito do dragón*

(Vigo, 1993); *A produción do ferro en Galicia. As grandes ferrerías da provincia de Lugo* (Lugo, 1994); *Sociedade e tecnoloxía tradicionais do val de Ancares* (con González Reboreda, Santiago de Compostela, 1996); *Mendiño, Martín Codax, Xoán de Cangas* (Noia, 1997), etc.



A festa do Corpus de Ribadavia: a “Becha” I

Ciodio González Pérez

Tres feitos remataron por dar lugar á solemne celebración da festa do Corpus Christi, Corpus Domini ou, como dicían os nosos devanceiros, do Corpo de Deus:

a) O teólogo francés Berengario de Tours (c.1000-c.1088), sostén que na consagración non existe a transubstancialización, é dicir, que o pan e o viño seguen sendo o mesmo, e o de que se converten no sangue e no corpo de Cristo non é máis que un símbolo. Foi condenado por varios concilios, entre eles o de Roma de 1079. Estas controversias fomentaron o interese polo culto eucarístico.

b) A beata Xuliana de Cornillon, de Liexa ou de Mont-Cornillon (1193-1255), ten unha aparición na que se lle encomenda a celebración de un día dedicado á Eucaristía.


Houbo enfrentamentos teológicos, pero remataron por triunfa-los partidarios, e o ano 1246 foi aprobada polo bispo Roberto di Thouratee (ou Torote), instituíndo-a para toda a diócese de Liexa (Bélgica). En 1252 o cardeal Ugo di S. Caro, legado do papa na Xermania, introduciu-na tamén na súa circunscripción.

c) O milagre de Bolsena (Italia), que estando dicindo misa un crego que non creía na transubstancialización, no momento da consagración a hostia convertiuse nun anaco de carne con sangue. Días despois do suceso, o 19 de xuño de 1264, o papa Urbano IV ordenou trae-las probas -os corporais- a Orvieto, onde aínda se veneran.

Ante estes feitos e o pulo que nos últimos anos o misterio eucarístico acadara na socie-

dade, o devandito papa Urbano IV, poucos días despois do milagre de Bolsena, estendía a celebración do Corpus Christi para toda a igrexa universal pola bula *Transiturus hoc mundo*. No 1314 confirmouna de novo Clemenzio V, e tres anos despois Xoán XII autorizou a procesión, anque habían de se-los papas Martiño V (1417-31) e Uxío IV (1431-47), os que promovesen a celebración de xeito que se convertise na función máis solemne de todas cantas tiñan lugar ó longo do ano.

Na península, segundo parece, foi en Toledo onde se celebrou por primeira vez, en 1280, seguindo logo outras moitas poboacións: Sevilla (1282), Barcelona (1319 ou 1320), Guimaraes (1318), Vic e Tortosa (1330), Lleida (1340), Valencia (1355), etc. Entre finais do século XIV e



A coca (Tarasca) de Madrid, de 1744
 (Arquivo Municipal de Madrid).

María a Madre, a confraría do Corpo Santo, con seus cirios et ofícios¹.

Por este acordo tomado entre o bispo, os xuices e o procurador da cidade, o 27 de maio de 1437, sobre como debían ir ordenadas as confrarías na procesión do Corpo de Deus, compróbase que en

dita época en Ourense xa existían seis, que se encargaban de andar co touro, a Coca e diferentes *jogos et ofícios*, entre os que estaban as danzas.

De seguro que por estos mesmos anos xa se celebraba a festa do Corpo de Deus noutras poboacións, entre as que salientarían Santiago de Compostela, Lugo, Mondoñedo e Tui. En particular polo que se refire á capital de Galicia, por tradición adóitase decir que foi nesta procesión cando asasinaron ó arcebispo compostelán Sueiro Gómez de Toledo varios homes capitaneados por Fernán Pérez Churruchao, en 1366, pero non poido ser porque este feito ocorreu o 29 de xuño, e ese ano o Corpus cadrou o 4 de xuño, 25 días antes².

primeiros anos XV, estendeuse por toda Europa, documentándose xa en 1437 en Pontevedra e Ourense. En ámbalas dúas cidades estaba perfectamente organizada dende había anos (na segunda consta que se celebraba *segundo que an acostumado*), tal e como había de seguir varios séculos, chegando ata finais do XVIII sen grandes cambios nin engadidos. Os gremios e as confrarías eran os encargados de correr cos diferentes “pasos”, “historias” ou espectáculos que se representaban ou ían na procesión:

Iten, primeiramente, que a confraría dos carniçeiros con seu touro que ande de diante con seus ofícios, segundo que an acostumado.

Iten, que ande logo a segunda confraría depùs os carniçeiros, a confraría de San Migeel, que son os ferreiros, con seus ofícios, segundo que an acostumado.

Iten, que ande logo a terceira confraría depùs la de San Migeel, a confraría de Santa Oufémea, que he dos capateiros, con seus ofícios et coquetriz, segundo que ha acostumado.

Iten, logo a quarta confraría que ande depùs la de Santa Oufémea, a confraría de San Sebastián, con seus jogos et ofícios.

Iten, que ande logo a quinta confraría depùs la de San Sebastián, a confraría de Santa María a Madre, que he dos mercadores e alfayates, con seus jogos et ofícios.

Iten, logo a sesta confraría que ande depùs la de Santa

1. FERRO COUSELO, X.: *A vida e a fala dos devanceiros*, Galaxia, Vigo, 1967, II, pp. 117-118.

2. LÓPEZ FERREIRO, A.: *Historia de la Santa Apostólica Metropolitana Iglesia de Santiago de Compostela*, VI, Compostela, 1903, pp. 159 ss.

Durante séculos foi a celebración relixiosa máis solemne de todas, sendo obrigatoria a participación, non xa dos relixiosos que residían na zona³, senón que tamén tiñan que asistí-las autoridades civís e militares, correndo nos máis dos sitios os gastos da función por conta dos concellos, así como das irmandades e dos gremios. A parte más vistosa adoitaba se-la destes últimos, que cada un xa tiña encomendado un espectáculo ou “paso”, dependendo o número da importancia socioeconómica da poboación. Isto deu lugar a que se difundisen os mesmos por toda a cristiandade: a coca tanto saía nas nosas procesións, como nas castelás, portuguesas, francesas ou belgas, igual acontecía cos xigantes e cabezudos, coa imaxe de San Cristovo, o boi ou vaca, varias danzas, etc.

O Corpus Christi foi dende o comezo a solemnidade máis universal e uniforme de cantas celebraba a igrexa, por iso, como logo se verá, Ribadavia non é unha excepción, sendo unha das cinco máis importantes que tiñan lugar no bispado de Tui, xunto coa da capital, Redondela, Baiona e a vila miñota de Monção⁴. Con altos e baixos, segundo as épocas, chegou ata finais do século XVIII, empezando dende entón a devalar, especialmente dende o ano 1777, en que o rei Carlos III prohíbe

os *Disciplinantes, Empalados, y otros Espectáculos en las Procesiones de Semana Santa, Cruz de Mayo, Rogativas, y otras; los Bayles en las Iglesias, sus Atrios, y Cementerios*;... entre os que tamén se contaban as diferentes actuacións que organizaban os gremios, das que moi poucas per viviron ata comezos do século XX, e menos áinda chegaron deica os nosos días, como é o caso da coca, as penlas e a danza de espadas en Redondela, e a loita de San Xurxo coa coca na vila de Monção. Mentre se esmorecían estas vellas manifestacións relixiosopopulares herdadas da Idade Media, empezaban a coller pulo outras, coma o de alfombra-las rúas con flores por onde pasa a procesión, entre as que destaca a poboación pontevedresa de Ponteareas⁵.

O CORPUS DE RIBADAVIA

No *Libro de acordos* do concello ribadaviense, na acta correspondente á sesión do sete de abril de 1859, consta que se *celebra desde su institución la función del Corpus Christi*, do que se deduce que se consideraba unha festa moi antiga, da que a organización e os gastos corrían por parte do municipio. Poido empezar contra o ano 1482, porque foi nesta data cando se declarou día santo para todo o bispado de Tui, rexendo a diócese Diego de Muros, e tendo en conta que nesta época Ribadavia era a segunda poboación en importancia logo despois de Tui, é de supoñer que, ó menos, se festexase dende esa data. Pero con isto non queremos afirmar de xeito categórico que non




A ferocidade deste dragón procesional queda patente na cabeza da coca de Monção.

3. No sínodo do bispo Pedro de Herrera, de 1627, consta: *i en los Lugares, que huviere Frailes, estarán obligados a ir acompañando estas Procesiones sin Cruz, como lo dispone el Santo Concilio Tridentino [...], Constituciones Synodales del Obispado de Tuid (sic) ...*, Compostela, 1761, pp. 17.

4. As terras portuguesas situadas entre os ríos Miño e Limia deixaron de pertencer ó bispado tudense dende o ano 1452, en que pasaron a depender do novo bispado de Ceuta (ÁVILA Y LA CUEVA, F.: *Historia Civil y eclesiástica de la Ciudad de Tuy y su obispado* (1852), III, pp. 308 ss, Consello da Cultura Galega, 1995; ALMEIDA, F. de : *História da Igreja em Portugal*, Coimbra, 1910-1912, pp. 610-705).

5. GONZÁLEZ PÉREZ, C.: “El Corpus en Galicia: Redondela y Ponteareas”, *Narría*, Museo de Artes y Tradiciones Populares, Universidad Autónoma de Madrid (no prelo).



A Coca (Tarasque) de Tarascón, vivía no río Ródano.
Actualmente é a más coñecida a nivel internacional.

viñese de antes pois, como comparanza, no lindeiro bispado de Ourense (na orela esquerda do río Avia), foi declarado día santo durante o goberno do bispo Francisco de Manrique de Lara (1543-44), pero a celebración do Corpus xa se documenta totalmente organizada (*segundo que an acostumado*) en 1437⁶.

Na freguesía de Santiago, que era a “matriz” das da vila, existiu durante varios séculos unha confraría do Sacramento, que debía se-la que se encargaba en parte dos actos

relixiosos do Corpus. Nada se pode dicir sobre ela, porque actualmente non se conserva máis que un dos libros, que empeza no ano 1739, faltando o primeiro que era onde figuraban as constitucións. Na capa consta: *Libro de la cfrd. del Santíssimo Sacramento de la Villa de Ribadavia. Año 1739*.

O 15 de febreiro de 1615 o bispo tudense aprobou as constitucións da *Cofradía y Hermandad de San Jorge*, sita na igrexa parroquial de Santa María da Oliveira, facendo o mesmo anos despois, o

23 tamén de febreiro pero de 1634, o conde de Ribadavia, Manuel Sarmiento de Mendoza. A ela tiñan que pertencer tódolos artesáns que residían na vila, que tomaban parte activa na festa e función do Corpus participando con diferentes espectáculos ou “pasos”, dende a Coca e San Xurxo, ata as danzas, pasando polas penas e o feno. Ademais dos armeiros (dos que era padroeiro San Xurxo), estaban na mesma os canteiros, os carpinteiros, os sombreireiros, os cerralleiros, os ferreiros, os serradores, os cubeiros, os silleiros e os albardeiros. O que pertencesen todos a unha mesma confraría debíase a que o número de artesáns do mesmo oficio era moi pequeno, que non permitía crear confrarías independentes, como sucedía nas cidades, caso de Ourense⁸, Compostela, Pontevedra, etc. .

Nas sinodais do bispado de Tui de 1627 dispúxose que *la Solemnidad, i Fiesta del día de Corpus Christi se celebre en todas las Feligresías, i Lugares grandes de este Obispado*, e no tocante a

6. *Synodicon Hispanum. I Galicia*, edición crítica dirigida por Antonio García y García, Biblioteca de Autores Cristianos, Madrid, 1981, pp. 382 e 321, 322. Aínda que a orela esquerda do río Avia pertencia ó bispado de Ourense, había unha excepción, que eran os veciños que residían onde está o convento de San Francisco, que dependían da parroquia de Santiago (coñéciase esta zona como “Santiago de Alén”), que estaban sujetos a guardar todas las festividades del Obispado de Tuy, y los mandatos de los Señores Obispos de aquí pr. razón de ser feligreses de dicha parroquia (F. ÁVILA Y LA CUEVA: Obr. cit., II, p. 60).

7. O P. Eján (*Historia de Ribadavia y sus alrededores*, Madrid, 1920, p. 403, nota 4), deduce dun texto manuscrito onde figura a relación das festas da vila, que na igrexa de Santiago, ademais do Corpus, tamén se celebraba o día do Sacramento: *Víspera y dia del Smo. Sacto, se sientan la Villa en sus bancos que lleva el portero, y lo mismo a la tarde al Encierro sale formada del Amo. [Ayuntamiento]*. Coidamos que se refira ós actos de Semana Santa, cando se encerra o copón coas formas consagradas no sagrario do monumento.

8. Nas ordenaciones da mesma, consta: *Item, ordenamos que cualquiera oficial que de fuera viniere a poner tienda o a trauajar a esta Villa, de off. de Canteros, Carpinteros, Sombrereros, Cerrajeros, Erreros = Serradores = toneleros = Harmeros = Silleros = Guarnicioneros. Plateros, pague cada vno que fuere maestº y asentare tienda dos libras de cera y el que fuere oficial y viniere a trauajar y trauajare mas de tres dias, pague cada uno dos reales = y qualquiera aprehendiz de los dhos. officios pague una libra de cera cada vno, y qualquiera destos dhos. officiales o aprendices que se muriere en esta Villa el Mayordomo que fuere le dezire para su entierro a cada vno media docena de blandones qe. le acompañen el cuerpo a la Iglesia donde se sepultare. Actualmente non se sabe o paradoiro deste libro, descoñecéndose mesmo se ainda existe*, S. EIJÁN: Obr. cit., pp. 159-160.

Ribadavia ordénase que a procesión saia da igrexa de Santiago, e que vaian nela as cruces e os fregueses das restantes tres parroquias da vila, os frades de San Domingos (os franciscanos non estaban obligados, por pertencer ó bispo de Ourense), e varias das freguesías linddeiras: *A la Iglesia de Santiago de Rivadavia las Feligresias de la Villa; que son la Oliveira, San Juan, la Magdalena, el Monasterio de Santo Domingo, Quines, Regodeigon, Novoa, Veade, Carballeda, Verán, Veiro, i Moimenta, Villar de Condes*⁹. Nos anos sucesivos xurdiron problemas protocolarios sobre como tiñan que ir na procesión, ordenándose nas sinodais de 1675 que seguisen como viña sendo de costume e se dispuxera no sínodo de 1627¹⁰. Os frades de San Domingos non estaban de acordo, véndose forzada a Xusticia e Rexemento da vila a acudir ós tribunais, á Real Audiencia de Galicia, quen en 1678 lles ordenou asistir á procesión: *salgan en forma de Comonidad a la prossession publica de Corpus Criste yendo el alcalde ordinº. della con su festejo de gaita y penla a dho. Convento, biniendo con dha. Comonidad acompañándole asta la iglesia de Santiago [...] donde se acostumbra salir dha.*

*prossession [...] y de allí andar dha. Comonidad de ssanto domingo con los demas eclesiasticos ssegún es uso y costumbre por las calles principales de dha. villa asta fenecer y acabar dha prosseson. y bolber a dha. iglessia*¹¹.

Os problemas de carácter protocolario non se acabaron, malia ás disposicións sinodais, pois áinda se volvió a rexistrar outro incidente neste caso entre os cregos no 1681, co gallo de que o de San Cristovo de Regodeigón protestaba porque o de Carballeda fose na procesión inmediatamente despois dos da vila, cando ese posto decía que lle correspondía a el. A disputa non se arranxou ata que o Procurador xeral da vila acudiou outra vez á Real Audiencia de Galicia, que fallou contra o de Carballeda, obrigándoo a ir logo do de San Cristovo de Regodeigón¹².

O P. Eiján publicou o ano 1920 parte dun documento do que non dá a data (coidamos que por carecer dela), pero anterior a 1777, pois áinda figura a participación dos gremios na procesión, que tiñan que agardar ordenados a que saíse na porta da vila de abaxo. Este texto é de gran valor histórico porque

describe como se viñeron desenvolvendo tradicionalmente os solemnes actos do Corpus, tanto a véspera coma o día propio, pero cínguese só a parte relixiosa na que participaba a corporación municipal, polo que para a profana cómpre botar man doutros documentos:

La función del Corpus es de villa¹³, a la que preside el procurador, y de víspera se toca el Relox¹⁴, y siempre que se ofrezca salir las penas con sus músicas. El procurador general está en la ante víspera con el Cura párroco de Sn. Tiago y determinan la ora de las vísperas, y a este tenor los dos prelados de las Comunidades [franciscanos e dominicos] que vengan a dha. hora, y el párroco a los Curas. Júntase la Villa en Amo. [ayuntamiento] la víspera a la tarde a la señal del Relox, y sale el Alcalde Hordinario de S.E. con un Regidor, música y una penla y van buscar la Comunidad de Sto. Domº. [Santo Domingo] acompañándola a la Iglesia de Santº. [Santiago] donde se hace la fiesta, y dejan allí la Comunidad, dirigiéndose al Ayuntº. para salir con la Villa¹⁵: Otro Regidor y proc. gral. [procurador general] salen a Sn. Francº. a combinar la Comunidad con una

9. Constituciones Synodales del Obispado de Tuid, Compostela, 1761, p.19.

10. Idem, p. 172.

11. Arquivo histórico provincial de Ourense (AHPD): *Concello de Ribadavia, Libro de adquisiciones de la villa de Riuadº. y cosas curiosas*, fols. 72-75.

12. AHPD: *Concello de Ribadavia: Papeles viejos*, leg. I, fol. 130-131. Hai máis documentación sobre este feito, EIJÁN, S.:Obr. cit., pp. 400 ss.

13. É dicir, que corren a organizacións e os gastos por conta do concello da vila.

14. Da casa do concello.

15. Segundo outra nota do mesmo manuscrito, a corporación saía da casa consistorial e dirixíase ó convento de San Domingos, onde almorzaban, baixando logo todos xuntos para a igrexa de Santiago: *El alcalde de S.E. Essno. ministros van a buscar a Sto. Domingo la Comunidad, todos almuerzan en el Combro. y vienen con la Comunidad a Santº. y de allí vienen reunidos y los traen dha. Comunidad.*

penla su ministro y música acompañándola a la Iglesia de Santº., y se vuelve al Amo. [ayuntamiento] para salir con la corporación de Ayuntº. formada con ministros, procurads. de Causas, Essnos. de nº., [escribanos de número] penlas, músicos y Gigantes; está a las vísperas en la Iglesia Matrid de Santº. sentada en la Capilla mayor en sus bancos que estarán colocados, al salir de las Vísperas se buelben a su Ayuntº. de la misma suerte y con la misma comitiva, menos una penla y un músico que van con la comunidad de Sn. Francº.

El día del Corpus sale el feno acompañado de él, y Alcalde de los vecinos, su Essno. de numº. y ministro, lo sacan a la plaza mayor con el gremio de las orneras, y el feno se queda en el atrio de la Iglesia, y el Alcalde con sus depends. [dependientes] se vienen a dha. plaza, y de ella sale con los Gigantes un músico, Essno. y ministro, y van a la Oliveira, allí recuentan los Gremios, y sale con la procesión acompañado en todo esto con un Regidor, y llegando a [la iglesia de] S. Juan, da cuatro hachas para alumbrar al Smo. Nombre de Jesús¹⁶ y busca quien la lleve y se endereza con la procesión a dha. Iglesia de Santº. Recuentan los Gremios en la puerta de la Villa de avajo y de recontados se junta con la Villa [corporación]. Sale la



Unha das penlas de Redondela.
Foto Gran Enciclopedia Gallega

deloria, Semana Santa e Virxe do Portal. Polo que atinxe á do Corpus, o importe non sufriu grandes cambios ó longo dos anos, debido a que sempre eran os mesmos conceptos, non variando tampouco despois da supresión dos “pasos” ou actividades gremiais dende 1777, porque estes eran por conta dos artesáns:¹⁸

Villa formada de su Amo. [ayuntamiento] de dha. Iglesia de Santº. para la procesión con sus ministros, Essnos. y procurads.; concluída aquella hoyen su misa rezada que paga la Villa, y de buelta se vienen al Amo. con Gigantes, penlas y toda la tropa .

Como queda dito, o concello era quen corría cos gastos, pero non só desta celebración, senón tamén das da Can-

ano	reais	maravedís
1686	366	
1748	461	—
1749	454	26 xunto coa función da Candeloría
1753	402	17
1762	285	26
1765	260	—
1766	258	17
1767	265	—
1768	247	17
1769	230	—
1770	264	—
1778	273	—
1779	263	2
1780	271	14
1792	316	—

16. Imaxe do Neno Xesús moi venerada polos ribadavienses.

17. Arquivo do convento de San Francisco de Ribadavia, leg. I, núm. 46, citado por S. EIJÁN: *Obr. cit.*, pp. 402 ss.

18. AHP Ourense: Concello de Ribadavia, contas correspondentes ós devanditos anos. Algunha vez pretendeuse aumentala contía destinada a esta festa, como en 1603, en que se solicitou autorización do rei para poder destinar 1.000 reais (EIJÁN, S.: *Obr. cit.*, p. 404).

Ademais da parte estrictamente relixiosa, había tamén a profana, que animaba un ou dous músicos (que debían ser gaiteiros, como consta en 1678), e unha corrida de touros na praza maior. Un dos animais que se sacrificaban debía selo vaca que ía na procesión coa figura grotesca de Xan de Arzúa ó lombo. Pero había máis, pois nas contas correspondentes a 1792 consta que se lle entregaron catro reais de propina ós carniceiros por *poner los Toros o Bacas en la Plaza*¹⁹. Estes animais ó remata-la lida eran sacrificados e a súa carne vendida, polo que tamén se lle daba algo ós que atendían a cortaduria, como en 1753 que foron 137 reais²⁰.

O 20 de febreiro de 1777 Carlos III asinou unha real orde pola que se suprimían tódolos “espectáculos” (pasos, historias, danzas,...), que se viñan celebrando na maioria deles dende a Idade Media nas igrexas, nas procesións, nos adros ou mesmo nos cemiterios, entre eles os correspondentes ó Corpus. En Ribadavia xa non saíron ese mesmo ano, ó negarse a andar coa Coca ou Becha o mestre de obra prima, Cecilio Álvarez. A procesión perdeu todo o atractivo popular de que viña gozando dende había séculos, á que acodía a xente máis polo colorista e animado, que por devoción: [...] *en dha. Villa se zele*

*bra anualmente las festividat, y funzion de Corpus Christi, para la que antigüamte havia la costumbre de salir los Gremios el de los Horneros con el feno, las Panaderas Penlas, los tablaxeros con Juan de Arzua qe. hes la figura de un hombre a caballo de una Baca; y los de obra prima con la tarasca y otras danzas de herreros, Molineros, Carpinteros, Zapateros, Labradores; [...]*²¹.

A partir dese ano suprimíronse as danzas, as figuras xigantes e as demais actividades gremiais, quedando unicamente as imaxes, pero a función do Corpo de Deus continuou sendo unha das más importantes no aspecto relixioso de todas cantas tiñan lugar na vila, incluso superior á da Virxe do Portal. Como xa viña sendo de costume, o concello seguiu correndo cos gastos que, por exemplo, en 1792 ascenderon a 311 reais:²²

12 eclesiásticos, a 4 reais cada un	.48
incenso	6
párroco	12
sacristán e monagos	10
frades de San Francisco	36
frades de San Domingos	24
aluguer de cera	98
músicos (dous)	60
carpinteiros para as talanqueras da praza	8
coidar da cera durante a función	5
carniceiros por <i>poner los Toros o Bacas en la Plaza</i>	4

Co século XIX empezou a declinar, en particular a partir de 1835, ó quedar abandonados os dous conventos de Ribadavia por mor da desamortización e exclausturación das ordes relixiosas. O concello continuou subvencionando a función relixiosa, como consta no acordo tomado o sete de abril de 1859: *El mismo Aymo. a nombre del pueblo que representa e identificado con su piedad celebra desde su institución la función del Corpus Cristi invitando a la Iglesia y procesión las autoridades y particulares del pueblo, pagando Sacerdotes Músicos Alguaciles y mozos que conducen los Santos, provistando de cera y ademas costeando un Gaitero que ya tiene que concurrir con dho. Ayuntamiento a la hora de Vísperas, importando ordinariamente los gastos de esta función de 500 a 600 rs.* A subvención mantívose nos anos posteriores, así, unha comparanza, en 1886 foi de 357 pesetas²³, ata que o 11 de xuño de 1900 o concello accordou *suprimir toda consignación en el presupuesto destinado a fiestas religiosas, excepción hecha de las de Semana Santa y fiestas del Portal, suprimiéndose todas las otras*²⁴.

(Continuará)

19. AHPOurense: *Concello de Ribadavia*, caixa 348, f. 15-v, 16 e 16v.

20. Idem, caixa 346.

21. Idem, logo da acta do 9 de decembro de 1781.

22. Idem, caixa 348 (fs. 15v ss.)

23. Idem, actas de sesións, 8 de abril de 1886.

24. Idem, actas de sesións, 11 de xuño de 1900.